

A ÉTICA

1. O feito ético e a razón práctica

1.1 O uso teórico e práctico da razón

O **uso teórico da razón** vincúlase ao coñecemento pois persegue coñecer como son as cousas, ten coma obxectivo a verdade.

O **uso práctico da razón** vincúlase á acción, o que busca é saber que facer guiando á conduta e busca saber como facelo, trátase de saber elixir e tomar boas decisións. Aristóteles afirma que debemos distinguir dentro da razón práctica dous tipos de saberes, a *POIESIS* e a *PRAXIS*. O saber poiético é o saber producir ou crear, coma o arte ou os saberes técnicos. É un saber que nos leva á produción dunha obra. Por outra banda o saber práctico o que busca é saber actuar pero non coa finalidade de crear algún obxecto senón que a acción é a súa propia fin, o que persegue é unha acción boa ou mala individualmente si falamos de ética ou colectivamente si falamos de política.


Pero... razón teórica e práctica relaciónanse retroalimentándose mutuamente. Imaxinas un enxeñeiro que pretenda facer unha ponte sin ter coñecementos teóricos de física, química, matemáticas... ?

1.2 A acción moral e a reflexión ética

Debido a que a súa etimoloxía é moi semellante téndese a confundir ou utilizar de xeito indistinto o termo moral ou ética... pero entre elas hai moitas diferencias. A moral é a capacidade de discernir o ben do mal, é algo vivido. A ética é iso mesmo pero “pensado” tal e coma indica o profesor Aranguren. A moral dirixe a conduta das persoas por iso dicimos que é un modo de vida. A moral é o conxunto de xuízos sobre o ben e o mal que se concreta en normas de comportamento que regula a nosa acción en vistas a unha vida libre e responsable. A ética é reflexión filosófica sobre a moral por iso dicimos que é teórica, o que busca é elaborar principios xerais que inspiren a conduta.




Qué **elementos** entran en xogo cando falamos de moral?



- A **liberdade** coma condición para o diálogo ético e político. A base da moral é o carácter libre da acción humana pois para actuar reflexionamos e decidimos sabendo que debemos responder a esa decisión. A liberdade moral enténdese coma liberdade interna ou libre albedrío. (Alguns autores a negan, negando así a moralidade humana).
- O **temperamento**, é o xeito natural con que o ser humano interactúa co entorno, é a parte natural instintivo-afectiva da personalidade e pode herdarse. Nacemos cun temperamento (conxunto de sentimentos e paixóns) que é difícil de modificar. Pero ninguén está determinado pola xenética pois a pesar de nacer con unhas predisposicións as podemos encauzar nun senso ou noutro.
- Os **hábitos** adquirense mediante a acción repetida e moldean a nosa acción dun determinado xeito.
- O **carácter** é o modo de ser adquirido a partir dos hábitos, virtudes e vicios e que moldean o temperamento. O termo grego "ethos" significa "modo de ser" ou "carácter" a igual que o termo "mos" do que provén a palabra "moral" pois moral e ética refírense ao modo de ser ou carácter. O carácter elíxese ao elixir reiteradamente as propiedades que millor nos realizan.
- As **virtudes** e os vicios son actitudes interiorizadas que fan que actuemos dunha determinada maneira en diferentes circunstancias. As virtudes danse cando orientamos a nosa acción cara ao ben e os vicios cara ao mal.
- A **conciencia moral** proporciona criterios para xulgar a conduta pois permite distinguir o ben do mal en base a principios universais aplicados aos casos particulares, aplícase ao obrar. Non hai persoas amorais... si así fose actuaría "automáticamente". A "conciencia" é a "capacidade de percatarse de algo" e a conciencia moral permítenos apreciar que hai formas de vida, valores e principios mais humanizadores que outros. Cando tomamos decisións precisamos xuízos concretos que os poidamos aplicar a situacións concretas e a

conciencia é a encargada de formulalos co obxectivo de aplicalos e así orientar a acción. Outra cousa é que cando actuamos sigamos ese xuízo... podemos desatendelo por debilidade coma diría Aristóteles ou por perversidade moral coma diría N. Rescher. Por iso a conciencia tería outra función: autocrítica. Solo podemos falar de responsabilidade moral cando se trata de seres libres e conscientes.



2. O desenrolo da conciencia

2.1 Que natureza teñen os xuízos morais?

- I. **Racionalismo moral:** unha acción é moralmente boa según Kant si se fai por respecto ao deber e non por sentimento.
- II. **Emotivismo moral:** D. Hume cree que a moral xurde do sentimento innato e universal, a filantropía cara á humanidade e que se pode deteriorar según as circunstancias.

Algúns psicólogos contemporáneos interpretaron a conciencia moral coma a capacidade de formular xuízos sobre o xusto e inxusto estudando como se desenrola na infancia. Resultados:

- **Cognitivismo moral.** Como falamos da formación de xuízos estamos ante un tipo de coñecemento. Que pesa mais a razón ou os sentimentos?
- **Universalismo.** Si se defende que a estrutura do xuízo moral é igual en tódolos individuos.
- **Formalismo.** Si as cuestións de xustiza se poden universalizar entón é posible educar a conciencia moral nas formas mais xustas.

2.2 As etapas da conciencia moral

A psicoloxía evolutiva tratou de aclarar o xeito no que a conciencia se desenrola ao longo da vida.

- **J. Piaget** distingue dúas etapas no desenrolo da moral individual, unha etapa ata os 10/11 anos na que se tende a considerar as regras de xeito ríxido e inmutable en base as ordes dos adultos. E a partir de esa idade vense as regras coma variables entendéndoas coma instrumentos flexibles para a convivencia.

L. Kohlberg discípulo de Piaget estudou o desenvolvemento da conciencia e considerou esencial comprender a estrutura do razoamento fronte aos problemas de carácter moral. Céntrase nos razoamentos moarais que se manifestan no xuízo moral subliñando a dimensión cognitiva do desenrolo moral. Para él a pesar das diferencias culturais os razoamentos que fundamentan as normas morais e os valores seguen estruturas ou pautas semellantes pois tódalas persoas seguimos uns esquemas universais de razoamento. Para el o desenvolvemento moral pasa por tres grandes niveis con dous estadios por cada nivel unidos ao desenvolvemento psicolóxico da persoa.

ETAPAS DO DESENROLO MORAL SEGÚN KOHLBERG	
NIVEIS	ETAPAS
PRECONVENCIONAL. Razoamentos individuais sen ter en conta ao social.	ETAPA1. Obediencia e medo ao castigo. Comportamento heterónimo regulado polo medo ao castigo. As regras considéranse fixas, inamovibles.
	ETAPA2. Individualismo. O bo é o que me beneficia
CONVENCIONAL. Razoamentos dende a colectividade as normas e valores son aceptados polo grupo.	ETAPA 3. Acomodación das expectativas interpersoais. O correcto é comportarse co que esperan dun.
	ETAPA 4. Mantemento da orde social. O correcto é cumprir coas normas e obedecer ás leis para manter a orde social.
POSCONVENCIONAL. A moralidade parte da decisión racional autónoma e pode entrar en conflito coas normas legais, xerais, aceptadas na sociedade.	ETAPA 5. Respeto aos dereitos individuais froito dun acordo. O correcto é respetar os dereitos.
	ETAPA 6. Afirmanse os dereitos morais universais sendo o correcto actuar de xeito imparcial e xusto cos demais seres humanos respetando así a dignidade das persoas. Este sería o nivel de madurez moral.

Carol Gilligan a diferenza de Kohlberg estudou a conciencia moral non dende a perspectiva do sentido da xustiza e normas senón dende a óptica do descubrimento da importancia do coidado e o compromiso cos demais. Gilligan impulsou a ética dos coidados. Fronte a Kohlberg que privilexia o relacionado tradicionalmente cos varóns (o racional e o cumprimento do deber), ela reivindicará o que historicamente se lle atribúe á muller, o coidado dos demais creando así unha teoría comprometida co respecto, compaixón e diversidade.

ETAPAS DO DESENROLO MORAL SEGÚN CAROL GILLIGAN	
FASE EGOCÉNTRICA	Coidado individual e desconexión dos demais
FASE ALTRUÍSTA	Conciencia do egoísmo da fase anterior comprendendo a necesidade de ter en conta aos demais coidando e velando polas relacións con eles.
FASE DE RESPONSABILIDADE E DO COIDADADO	Conciencia do coidado do outro e conciencia de que non satisfacer as propias necesidades perxudica a un mesmo tanto coma aos demais.

Esperanza Guisán afirma que a emotividade coa que emitímolos xuízos éticos débese á forza moral que os impulsa a defender certas preferencias morais si van acompañados de boas razóns. Que os nosos xuízos vaian cargados de emotividade non os fai irracionais. Os sentimentos son condición necesaria pero non suficiente para que se produzan comportamentos éticos, razón e sentimentos edúcanse e poden millorar ao longo da vida.

3. Relativismo e universalismo moral



Ilustración 1.

4. Clasificación das teorías éticas

Según o seu obxecto	Ética das accións, o bo e o malo non son as persoas senón as súas accións	Éticas consecuencialistas. O valor moral depende das consecuencias
		Éticas deontolóxicas, o valor moral depende de si o suxeito cumpre ou non co deber.
	Ética dos axentes	Éticas da virtude, o que fai a alguén bo ou malo son as súas virtudes ou vicios.
Según o valor moral da acción	Éticas teleolóxicas	Determinase un “ben supremo” (felicidade, placer, Deus...) e a partir de aí establécense as normas que orientan a conduta.
	Éticas deontolóxicas	Determinan en que consiste o deber e despois valóranse as accións.
Según o fundamento dos xuízos	Cognitivismo moral	É a razón a que distingue entre o bo e o malo. Identifícase co racionalismo moral.
	Emotivismo moral	As emocións espertan actitudes e accións.
Según o contido	Éticas materiais	A moral ten contido, o que nos move a actuar é algo.
	Éticas formais	Céntrase no xeito no que actuamos, non interesa o contido.
Según a concreción	Ética de máximos	Ofrece unha guía completa sobre como vivir para acadar a autorrealización persoal.
	Ética de mínimos	Busca unha base común moral compartida pola sociedade heteroxénea e diversa, os mínimos vértexanse en torno á noción de xustiza . Os mínimos morais xurden do consenso deixando a liberdade do individuo para que desenrole os seus propios valores.

5. As éticas da felicidade

5.1 O eudemonismo.

Aristóteles é o máis importante defensor e sostén que a felicidade consiste na autorrealización persoal, a felicidade aparece tras da perfección da nosa esencia. Define ao ser humano coma animal racional e social pero con necesidades materiais. A virtude permite acadar a felicidade si contamos cun mínimo de fortuna e consiste no termo medio relativo a nos, a virtude sería a mesura que nos permite acostumarnos a fuxir dos extremos pois son vicios e optar polo termo medio. A ética de Aristóteles é de mínimos, material, racional, teleolóxica e das virtudes do axente moral.

5.2 O estoicismo

Defende que a felicidade obtense de xeito autosuficiente, vivindo en conformidade coa natureza. Para eles o compoñente importante no moral é racional todo o relativo ao corpo é indiferente moralmente polo que o ben moral orixínase no noso interior e por iso debemos ser autosuficientes, autárquicos dende o punto de vista moral. A felicidade é independente dos acontecementos externos. Debemos cultivar a razón descubriendo o logos universal e dominando as paixóns. A razón de ser das cousas non as podemos cambiar. A imperturbabilidade ou serenidade de espírito acádase co autocontrol emocional e a aceptación do destino ou logos universal.

5.3 O hedonismo

O hedonismo ou placer.

● Epicuro, S. III, foi o máis célebre. Para él a felicidade é ausencia de dor corporal e perturbación da alma. Como fuximos da dor? Racionalizando os males máis comúns no ser humano: o tetrafarmakón:

- Medo á dor
- Medo aos deuses
- Medo á morte
- Medo ao destino

Unha vez racionalizados debemos buscar a serenidade de espírito mediante os prazeres individuais que nos conduzan á felicidade auténtica por iso reflexionou sobre os diferentes tipos de prazeres:

- Naturais e necesarios: ligados á conservación do individuo, por exemplo comer.
- Naturais e non necesarios: variacións supérfluas dos primeiros (comer manxares por exemplo)
- Non naturais nin necesarios: alimentan a vanidade (riqueza, poder ou fama)

Debemos entón satisfacer os primeiros, moderadamente os segundos e evitar os terceiros.

Os prazeres poden ser estáticos e dinámicos. Os prazeres dinámicos duran pouco e son moi adictivos polo que nos farían escravos mermando a nosa autosuficiencia e liberdade impedindo polo tanto ser feliz. Os prazeres estáticos son os que nos proporcionan auténtica felicidade como os prazeres da razón ou a amizade.

- O utilitarismo está representado por Jeremy Bentham e John Stuart Mill. O criterio de utilidade é o que determina a norma moral. O utilitarismo persegue o placer ou benestar social. Unha acción é moralmente boa si proporciona maior placer paa o maior número tendo en conta as consecuencias. Para Benthem os prazeres son cualitativamente idénticos e para Mill si que hai diferencias e esas diferencias son fundamentais para a moral.

Mill realizou reflexións filosóficas que fundamentan a liberdade individual e a igualdade entre homes e mulleres xunto a súa muller Harriet Taylor.

6. As éticas do deber

6.1 O formalismo moral Kantiano

Para determinar o valor moral dunha acción non importa o contido material senón a *forma* da acción, a intencionalidade. O que nos move a actuar é a vontade que é a que xulga as accións. Cando unha vontade é boa entón? Cando actúa movida polo respecto ao deber constreñíndose. Que é actuar por respecto ao deber? Obedecer ao imperativo categórico (un precepto moral universal).

Deber e moralidade.

Unha acción feita por deber ten o seu valor moral, non na finalidade que se quere acadar mediante ela, senón na máxima para a que foi resolta; non depende, pois, da realidade do obxecto da acción, senón só do principio de querer, segundo o cal a acción se produciu, independentemente de todos os obxectos da facultade de desexar. Polo exposto anteriormente, resulta evidente que as finalidades que poidamos ter á hora de realizar as accións, e os efectos destas, consideramos como fins e motores da vontade, non poden dotar as accións de ningún valor absoluto ou moral. Onde, pois, pode residir este valor, xa que non debe residir no testamento en relación cos efectos esperados? Non pode residir salvo no principio da vontade, con independencia dos fins que se poidan conseguir mediante a acción.

I. Kant, Fundamentación da metafísica das costumes, Espasa Calpe.

6.2 A ética existencialista

Jean-Paul Sartre parte de tres presupostos:

- A esencia precede á esencia.
- Estamos condenados a ser libres.
- Ateísmo.

Si Deus non existe non hai orde moral, non hai esencias e ao ser *pura existencia* os valores morais son creación humana. O que eleximos crea valores proxectándose ao social: “*Nada pode ser bo para nos sen que sexa bo para todos*” Son responsable das miñas decisións e de toda a

humanidade. Isto impónse coma unha carga insoportable que levamos en solitario pero que afecta aos demais polo que a liberdade é coma unha condea que esixe responsabilidade e provoca angustia.

7. Felicidade e xustiza nas teorías actuais

Actualmente existen dúas teorías éticas especialmente empeñadas en facer compatibles as ideas de felicidade individual privada e de xustiza comunitaria. Estas teorías son o Neocontractualismo de **John Rawls** (EE.UU 1921 – 2002) e a Ética dialóxica de **Jürgen Habermas** (Alemania 1929).

7.1 A Ética neocontractualista de J. Rawls

A Ética neocontractualista de Rawls foi definida por el como unha “**teoría da xustiza**”. Esta teoría propón, como procedemento, que cada individuo se coloque mentalmente nunha *posición imaxinaria* (antes de entrar na vida real, por dicilo así) na que decide contratar cos outros individuos as condicións e regras básicas polas que se deberá rexer a futura sociedade na que van a vivir todos eles. Pero, antes de facer este contrato, el e os outros individuos deberán cubrirse voluntariamente cun *veo de ignorancia* que lles impida coñecer cales serán as aptitudes que haberán de ter, así como a posición que ocuparán na futura sociedade.

Nestas condicións ninguén proporía a existencia de ningún privilexio -porque puidera ser o outro o destinatario do mesmo- e establecerían unhas condicións de *equidade* tales que todos estarían dispostos a aceptar. En primeiro lugar, unha igualdade básica en canto ao acceso aos bens primarios. Como moito, aceptarían que houbera certas diferenzas con dúas condicións:

- 1) que se dese unha auténtica igualdade de oportunidades para acceder ás posicións e cargos mellores, e
- 2) que das vantaxes que teñen os mellor situados se deriven tamén beneficios para os menos favorecidos. Así, por exemplo, se un médico gañara mais diñeiro que un traballador manual, só se xustificaría baixo dúas condicións: 1) que o traballador gozara, no seu momento, das mesmas oportunidades para chegar a ser médico, e 2) que o traballador puidera beneficiarse dos coñecementos do médico en caso de que contraera unha enfermidade.

Así pois, a teoría da xustiza de Rawls, non só da entrada á idea da busca persoal da felicidade, senón que mesmo a coloca como motor de todas as decisións, de xeito similar a como propoñía o Utilitarismo. Pero, coa condición do “veo de ignorancia”, Rawls establece un verdadeiro freo a toda posible forma de egoísmo irracional na que pode desembocar a busca de felicidade persoal, tal como quería Kant.

É evidente, polo tanto, que a teoría ética de Rawls trata de harmonizar, con habilidade, os dous grandes polos das teorías éticas: o ideal de felicidade persoal e o ideal de xustiza social. Sen embargo, presenta unha certa debilidade como ferramenta práctica para a vida real das nosas sociedades, xa que non pasa de ser un certo artificio teórico dificilmente aplicable na práctica. O “veo de ignorancia” sería un instrumento eficaz se se dera na realidade pero non o é -ou é moi escasamente- cando se leva a cabo só na imaxinación.

7.2 Ética dialóxica

A Ética dialóxica, ou *discursiva* como se chama as veces, pretende ser máis eficaz no plano práctico que a Ética de Rawls. Esta teoría desenvólta por **Karl Otto Apel** (Alemania 1922) e sobre todo por J. Habermas, parte -como tódalas teorías modernas- dunha concepción do individuo como suxeito autónomo, posuidor dunha liberdade irreductible e anterior á sociedade. Agora ben, a

autonomía e liberdade do individuo só se desenvolve e consolida nunha interconexión racional e lingüística cos outro individuos. Cómpre falar, entón, de suxeitos *dialóxicos*, isto é de individuos que se realizan en interaccións comunicativas cos outros, máis que de suxeitos *monolóxicos*, que só lateralmente entran en contacto cos demais.

A partir destes presupostos, toda aspiración persoal á felicidade individual que poida interferir ou entrar en colisión con aspiracións semellantes dos outros deberá ser sometida a un diálogo sincero en busca dunha harmonización. O resultado dese diálogo deberá establecer que intereses privados son compatibles con outros intereses tamén privados, e polo tanto lexítimos, e que intereses son xeneralizábeis e desexables para todo o mundo, e polo tanto, socialmente xustos.

Así pois, a Ética dialóxica ven a substituír o procedemento puramente teórico e imaxinario do “veo da ignorancia” rawlsiano (e do “imperativo categórico” kantiano) polo procedemento práctico e real do diálogo en comunidade. Sen embargo, esta teoría ética mostra tamén certa debilidade cando é levada á práctica na vida real, pois un auténtico diálogo require dous requisitos difíciles de cumprir na práctica: 1) que os interlocutores se atopen en condicións de igualdade e simetría (ausencia de todo tipo de presións, unha mesma capacidade para argumentar, expoñer e publicitar a súas posturas, un mesmo espazo e tempo dispoñible para convencer, etc), e 2) que os interlocutores sexan sinceros no manexo dos argumentos e busquen de verdade o entendemento entre eles, aínda que isto signifique ter que recoñecer a ilexitimidade ou egoísmo das propias aspiracións. De non darse tales condicións, o diálogo puidera converterse nun simple instrumento ou estratexia hipócrita de dominio sobre os demais.

8. Éticas Aplicadas

A ética aplicada é unha rama da ética que trata de atopar criterios para orientar as nosas decisións en campos coma a investigación científica, ecoloxía, medicina, informática, relacións internacionais ou o trato animal.

En moitas ocasión plantéxanse casos difíciles nos que temos que elixir entre opcións que traen ventaxas pero tamén inconvincentes polo que non é doado saber o que facer, a estas situacións chamámolas **dilemas morais** pois só teñen dúas saídas posibles. Os **problemas morais** plantéxanse ante situacións máis abertas, son casos difíciles ante os que podemos actuar de diferentes xeitos.

8.1 A bioética

A Bioética propón catro regras básicas para axudarnos a tomar decisións:

- **PRINCIPIO DE AUTONOMÍA:** debemos permitir que a xente decida por sí mesma sempre que sexa posible.
- **PRINCIPIO DE BENEFICIENCIA:** debemos axudar aos demais favorecendo os seus intereses.
- **PRINCIPIO DE NON MALEFICIENCIA:** as nosas accións non deben perxudicar nin danar aos demais.
- **PRINCIPIO DE XUSTIZA:** debemos de dar a cada quen o que lle corresponda evitando a desigualdade.

Os comités de bioética son grupos de persoas que reflexionan conxuntamente e orientan as eleccións, normalmente é un grupo heteroxéneo formado por científicos, filósofos e expertos no tema así coma os propios afectados.

8.2 Ética profesional

A ética profesional reflexiona sobre o comportamento que deberían seguir os traballadores no exercicio das súas funcións. Para iso as accións regúlanse cun código deontolóxico que é un conxunto de normas que indican as boas prácticas no exercicio da profesión. O xuramento hipocrático é un célebre código deontolóxico na profesión médica pero existen outros moitos nas diferentes profesións.

8.3 A ética empresarial

A ética empresarial reflexiona sobre os diferentes problemas morais que poden presentarse no mundo dos negocios. A responsabilidade social corporativa alude á necesidade das empresas de asumir as consecuencias das súas actividades adquirindo un compromiso pola millora ambiental e social.

8.4 A ética das comunicacións e da informática

Ocúpase de analizar os problemas morais que xurden no mundo dixital: piratería, privacidade, espionaxe....

8.5 A ética medioambiental

Ocúpase de pensar os problemas morais derivados do noso estilo de vida e o impacto sobre o sistema ecolóxico: quentamento global, ética ambiental, contaminación, sobreexplotación dos recursos, desertización... todo isto esixe o compromiso coas xeracións futuras e repensar sobre unhas accións que permitan a permanencia dunha vida humana auténtica sobre o planeta.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1.	Autoría: Propia